

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO ACONDICIONAMENTO DA ÁREA DE XOGOS EXISTENTES NO XARDÍN DE CATASOL NA CIDADE DE LUGO. VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR UTE VILARIÑO – TOPYSA E NOVA SELECCIÓN.

Sendo as 13:40 horas do día 9 de novembro de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento e actuando como vocais don Manuel Regueiro técnico de parques e xardíns, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Xeral, dona Ana Saez Mancebo Letrada da Asesoría Xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Abre a sesión o Sr Presidente e procédese por parte do secretario da mesa a dar lectura ao escrito presentado no Rexistro do Concello por don Oscar Rodríguez Álvarez, en representación da UTE VILARIÑO – TOPYSA no que pon de manifesto, entre outros aspectos, que en relación á póliza de seguro antivandálico, e tras numerosas peticións de cotización da mesma dirixidas ás principais compañías aseguradoras, obtívose unha negativa por parte de todas elas a cotizar ese risco, sendo a explicación a posibilidade de contratar unha póliza sobre o ben do que non ten o tomador a posesión nin a explotación e que polo tanto, á vista do exposto, considera que non se pode cumprir o apartado do prego técnico referido á contratación da citada póliza antivandalismo, sendo imposible atender á totalidade do apartado quinto do documento remitido polo servizo de contratación á UTE VILARIÑO – TOPYSA.

A continuación dase lectura igualmente polo secretario da mesa do informe solicitado a BVC ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS S.A, mediadores e asesores en materia de seguros do Concello, no que informan a solicitude do Concello sobre a contratación do seguro antivandálico da área de xogos existente no xardín de Catasol na cidade de Lugo e que, tras analizar a documentación facilitada, conclúe que a contratación dese tipo de póliza de seguro para o risco indicado resulta complicada e de difícil contratación.

Tras o análise dos dous escritos e un breve debate entre os integrantes da mesa, conclúese que debe prevalecer o establecido nos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares que obrigan á presentación da póliza de seguro antivandálico con carácter previo á formalización do contrato administrativo, xa que no informe solicitado á correduría de seguros non se conclúe a imposibilidade de presentación da citada póliza senón tan só a dificultade.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mla

Refª: Acta valoración documentación UTE VILARIÑO - TOPYSA

Asunto:

Acórdase por unanimidade considerar retirada a oferta da UTE VILARIÑO – TOPYSA e solicitar a presentación da documentación necesaria para proceder á adxudicación á empresa clasificada en segundo lugar á vista das puntuacións obtidas, LAPPSET ESPAÑA S.L.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:10 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo: Xosé Manuel Cao Rei

Asdo: Manuel Louzao Aldariz

